



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. 18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as** dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Unha representantes de alumnos/as continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022. **Unha** persoa representante o alumnado resultará escollida como **suplente** dunha vacante ata o ano 2026.

2.- Son electores todos os alumnos/as do Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. **As reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **12:00 horas do día 8 de novembro**.

3.- Son elixibles todos os alumnos/as os que formulen a súa **candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro**. As candidaturas poderán ser **presentadas ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día **12 de novembro, ás 12:35h** horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculado no Centro que sexan propostos pola Asociación de alumnos ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 20 de novembro, de 11:40 a 13:40 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:30 horas.

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO	
POIO (Pontevedra)	
DATA: 29/10/2024	
Nº ENTRADA	Nº SAIDA
—	245/0370



8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo 1 nome dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto todos o alumnado do Centro e incluídos no Censo correspondente.

10.- Finalizada a votación procederá ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Poio, 29 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL E DIRECTORA DO IES

Asdo.: Patricia Díaz González

